

Resolución do 27 de marzo do 2024, pola que se modifica a Resolución do 15 de xaneiro de 2024 na que se publicaba a relación de solicitudes aprobadas e denegadas das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, cofinanciadas nun 80% polo Fondo Feader

Na Orde do 15 de marzo de 2023 (DOG Núm.55 do 20/03/2023), se regula a aplicación dos pagos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

Por outra banda, de conformidade con o artigo 7.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (de aquí en diante Fogga), atribuíuse á Dirección do Fogga a potestade de resolver os procedementos de concesión/denegación de axudas que se tramiten no ámbito das súas competencias.

Por resolución publicada no DOG Núm. 44 do 01/03/2024, dáse publicidade a relación de solicitudes aprobadas e denegadas das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, cofinanciadas nun 80% polo Fondo Feader.

Examinados os expedientes das persoas solicitantes e unha vez verificado o cumprimento dos requisitos para ter a condición de persoa beneficiaria, de acordo coa mencionada orde, quedaron pendentes de publicación as solicitudes que figuran no anexo I que se acompaña, polo que procede a darlle publicidade.

Logo da proposta de resolución da subdirectora xeral de Xestión da PAC,
RESOLVO:

Primeiro. Dar publicidade na web do Fogga a la modificación del listado das solicitudes denegadas das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas, modificación da resolución do 15 de xaneiro de 2023.

Na web publicaranse a lista de novas denegacións das liñas de axuda de pago relativas ás intervencións ambientais e climáticas, con indicación das persoas interesadas e as causas de denegación.

As persoas interesadas poden acceder a dita web na seguinte ligazón:

https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/beneficiario_de_axudas_pac/campana-2023

Estas axudas están cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural Feader.

Segundo. Contra a citada resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o presidente do Fogga no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao desta publicación, consonte o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de interposición concluirá o mesmo día desta publicación no mes de vencemento, de conformidade co artigo 30.4 da citada lei.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2024

A persoa titular da dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria

Por Suplencia (Resolución do 12/02/24 do Conselleiro do Medio Rural)

O Secretario do Fondo Galego de Garantía Agraria

Juan José Cerviño Varela

ANEXO I
PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES DENEGADAS DAS AXUDAS RELATIVAS ÁS INTERVENCIÓNS AMBIENTAIS E CLIMÁTICAS (2023-2027)

Campaña	Intervención	Código de liña	Provincia	Número Solicitud	CIF/NIF	Persoa Beneficiaria	Importe máximo anual 2023-2027 (€)	Carácter da resolución	Motivo da denegación
2023	6501.4	9110071	15	531515	****6307*	Francisco Javier Ameijeiras		Denegación	11,12,
2023	6501.4	9110071	15	559724	****5855*	José García Pícallo		Denegación	11,12,
2023	6501.4	9110071	15	575897	****9898*	María Isabel Guardado Iglesias		Denegación	11,12,
2023	6501.4	9110071	15	578865	****7172*	José Alberto Pose Rodríguez		Denegación	11,
2023	6501.4	9110071	32	523770	****8044*	Johnny Pérez Alonso		Denegación	11,
2023	6501.4	9110071	32	523729	****8461*	Ricardo Pérez Marra		Denegación	11,
2023	6501.4	9110071	15	554859	****7698*	José Manuel Cornes Suárez		Denegación	11,
2023	6501.4	9110071	15	548739	****9775*	María José García Abelenda		Denegación	11,12,
2023	6501.4	9110071	15	577417	****5785*	José Antonio Souto Baña		Denegación	11,12,

Santiago de Compostela, 26 de marzo do 2024

Códigos motivos denegación

- 11 Incumpre o artigo 34.1 da Orde do 15 marzo de 2023.
12 Incumpre o artigo 34.2 da Orde do 15 marzo de 2023.

Códigos liñas

- 9110071 6501.4 Apicultura para la biodiversidade

